

- Inicio
- Institucional
- Investigación
- Actividades Académicas
- Cultura
- Alumnado
- Deportes
- Publicacións
- Opinión

- Axenda
- Quiosco
- Hemeroteca

- Campus de Ourense
- Campus de Pontevedra
- Campus de Vigo

- DUVI (2001-2007)

Os oíntes da emisora de radio elixen aos premiados nun total de dez categorías

## Onda Cero Vigo reconece o traballo da OMA co I Premio Bardo de Medioambiente

Joomla on osCandy.com Holdiland crĂŽateur de pcsolutions web sur mesure  
**Premio Oma Onda Cero**

Daniel de la Torre co galardón



**Premio Oma Onda Cero**

De la Torre recolle o galardón

**M<sup>a</sup> del Carmen Echevarría | Vigo**

A Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo foi merecedora do I Premio Bardo da Comunicación na categoría de Medioambiente que outorgan os oíntes do programa *Vigo en Onda* que emite Onda Cero Vigo. Os galardóns outorgados nunha decena de categorías, recoñecen o labor de cada unha das persoas e institucións que este ano, por primeira vez, foron premiadas pola audiencia do programa magazine *Vigo en Onda*. Un recoñecemento que Daniel de la Torre, comisionado do departamento técnico de obras, instalacións e infraestruturas da Universidade de Vigo cualificou de "agradable sorpresa que quero agradecer aos oíntes de Onda Cero Vigo".

De la Torre que foi o encargado de recoller a escultura de granito que emula un micrófono destacou "o traballo serio que desde a Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo estase a realizar desde hai anos en cuestións básicas como a xestión de residuos, redución do impactos ou rexeneración de espazos".

### Unha decena de premiados

No acto de entrega de galardóns celebrado no café teatro Oh Lá Lá o director de Onda Cero na provincia de Pontevedra, Miguel Ángel Nóvoa felicitou aos premiados ao tempo que agradeceu a participación dos oíntes no recén estreado certame. Xunto á OMA, a audiencia de Onda Cero Vigo recoñeceu o traballo de: Corina Porro na categoría Política; Academia Octavio Pilotes Posada en Deporte; Bodegas Terras Gauda en Economía e Empresa; o MARCO en Cultura; Zeltia en Saúde; o Patronato de Turismo Rías Baixas en Promoción e Turismo; os Bancos do Tempo da Federación Veciñal de Vigo en Acción Social; a Obra Social Caixanova en Educación e a Tenencia de Alcaldía en Patrimonio. Ademais entregáronse dúas mencións especiais no medio radio para Carmen Recio e en Música a Iván Ferreiro. Tras recibir o galardón Daniel de la Torre expresou o compromiso da OMA co traballo medioambiental que asegura "no caso da Universidade de Vigo é un compromiso que se reflicte en actuacións concretas como o Plan SuMA e os seus subprogramas como o centrado no desenvolvemento sostible".

sendavida



[ Atrás ]

<  
Ant.

Seg.  
>

### Premio Oma Onda Cero

Foto de familia dos premiados



### Premio Oma Onda Cero

Miguel Ángel Nóvoa, director de Onda Cero na provincia



### Premio Oma Onda Cero

Imaxe dos asistentes á entrega de premios



DUVI. Diario da Universidade de Vigo. 2007-2008 | Redacción